

Os nenos na cidade dos barrios

Data: 2009

Promoción: Delegación coruñesa do COAG

Realización: María López, Silvia Candia, Carolina Jack, Ramón Fernández e Juan Carlos Mancho

Este obradoiro forma parte dun estudo realizado nos barrios dos Mallos-Sagrada Familia-Sardiñeira, que viña caracterizado pola forte heteroxeneidade desta zona. Polo tanto, a opinión dos nenos e nenas foi un aporte máis a todos os puntos de vista recollidos.

En ocasións, a planificación do espazo público tende a excluír a preocupación polos máis pequenos en favor do cidadán adulto coa perda de riqueza que isto significa.

A capacidade de participación cidadá na creación da cidade é unha responsabilidade que pasa polo coñecemento e a educación. Consideramos tamén os espazos públicos como incentivadores da aprendizaxe dos nenos.

Os nenos e nenas, son usuarios comprometidos, activos e participativos do espazo público. Sen ter calquera dos nosos prexuizados, teñen o dereito de aportar a súa capacidade imaxinativa, podendo outorgar novas ideas para ser plasmadas ou reivindicadas.

O obradoiro desenvolveuse en dúas fases, unha explicativa mediante unha presentación na que se falou do concepto de espazo público, facendo a comparación entre os espazos da cidade e os da casa; e outra máis activa onde se invitou aos nenos a expresar a través dun debuxo o que pensaban que podería ser o seu parque ideal, co compromiso de levar a cabo algunha desas ideas.

